

PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

1º ESO

RELIXIÓN CATÓLICA

CURSO 19-20

Xefa de departamento e Profesora:
Rebeca Álvarez Domínguez

ÍNDICE:

A. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
B. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	3
C. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.....	12
D. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	14
E. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....	16
F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.....	19
G. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	20
H. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	21
I. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	22
J. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	23
K. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	23
L. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.....	24
M. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO.....	25
N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	25

A. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A área de Relixión e Moral Católica fundaméntase nas esixencias que leva consigo desenvolver, na escola, a educación integral e a aplicación duns dereitos expresados na Declaración universal de dereitos humanos (1948, artigo 26.3); na Constitución española (1978, artigo 27.3); no Pacto internacional de dereitos humanos, económicos, sociais e culturais (1966, artigo 13.3); na Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea (2000, artigo 10 e 14.3), etc. Ademais, está garantida polo acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensinanza e asuntos culturais (3-1-1979).

A práctica destes dereitos leva consigo unha ensinanza relixiosa escolar e confesional. Esta ensinanza concrétese na área de Relixión e Moral Católica, unha materia específica e rigorosamente escolar, ordinaria para os que a soliciten, equiparable ao resto das materias no rigor científico, na formulación dos seus obxectivos e contidos, e na súa significación educativa dentro do currículo. Así mesmo, contribúe á formación integral do alumnado e ao pleno desenvolvemento da persoa en todas as súas capacidades.

A área de Relixión Católica é unha materia opcional curricular de carácter confesional. A súa identidade resúmese nas súas «Finalidades Educativas» ou «Obxectivos Xerais». Estes deben ser a meta e a directriz no seu deseño e o seu desenvolvemento curricular (realización da programación xeral de curso, de cada unidade didáctica...). As seguintes «Finalidades educativas da Educación Secundaria», sinalan as metas finais a que deben conducir todo curso e unidade didáctica de Relixión Católica.

O IES de Allariz atópase na vila que leva o mesmo nome: Allariz, ubicada na metade occidental da provincia de Ourense. Os centros adscritos ao instituto son o CEIP Padre Feijoo (Allariz) e o CEIP de Xunqueira de Ambía.

O instituto oferta a ESO e Bacharelato.

B. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

A área de Relixión Católica contribúe ao desenvolvemento das competencias desde as súas finalidades educativas, obxectivos, contidos e actividades de aprendizaxe e avaliación. Especialmente, trabállanse as competencias desde a intelixencia espiritual, a intelixencia emocional e a educación en valores, así como as seguintes propostas do currículo de Relixión Católica (2015).

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

1. Comunicación lingüística (CCL).

Este currículo de Relixión Católica válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, das imaxes e símbolos, da linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística (tanto na expresión oral como na escrita) que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Ademais o ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica e das linguaxes que conforman a cultura. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno en relación cos estándares de aprendizaxe.

1ª) Comunicación lingüística (CCL)	<ul style="list-style-type: none">-Expresa oralmente e por escrito sentimentos e emocións na linguaxe da relixión.-Interpreta e comprende diversos textos relixiosos cada un desde o seu xénero literario ou natureza específica.-Organiza o coñecemento da realidade relixiosa en esquemas conceptuais.
------------------------------------	--

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática ó axudar a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, contabilice expresións de cifras e use estatísticas para a descrición e a análise da realidade social.

2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	<ul style="list-style-type: none">-Clasifica os obxectos, feitos e ideas da relixión en conxuntos coherentes.-Aplica o razoamento dedutivo ás crenzas relixiosas, condutas e consecuencias e emprega o razoamento inductivo partindo da observación da realidade para formular principios relixiosos.-Aplica o razoamento lóxico na formulación das preguntas e respostas sobre a relixión.
---	---

3. Competencia dixital (CD)

O ensino relixioso integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de estudantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións.

3ª) Competencia dixital (CD)	<ul style="list-style-type: none"> -Utiliza os medios TIC para a comunicación da información e do coñecemento relixioso. -Intercambia información e ideas relixiosas mediante a Rede. -Aplica criterios para a selección da información relixiosa e utiliza os instrumentos axeitados para rexistrala.
------------------------------	---

4. Aprender a aprender (CAA)

O ensino da relixión contribúe fomentando a atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Fai aos alumnos protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

4ª) Aprender a aprender (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> -Investiga de xeito persoal no ámbito da relixión suscitando e formulando preguntas. -Transforma a información relixiosa en coñecemento propio. -Aplica coñecementos relixiosos a diferentes situacións e contextos. -Atopa e usa canles para canalizar as capacidades persoais tanto na comunidade crente como no feito relixioso na sociedade.
-------------------------------	---

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

A relixión católica favorece o desenvolvemento de virtudes cívicas para o ben común da sociedade. Educa a dimensión moral e social da persoa, favorecendo a corresponsabilidade, a solidariedade, a liberdade, a xustiza e a caridade.

5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> -Valora e respecta o principio democrático de liberdade relixiosa e de conciencia. -Aplica os principios da ética relixiosa á resolución de conflitos. -Mostra un diálogo interrelixioso e ecuménico como medio de encontro entre culturas, integración das persoas, enriquecemento mutuo e construción da paz mundial.
--	---

	-Aprecia e respecta o principio democrático de laicidade.
--	---

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta á devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida, á cultura e á identidade da persoa humana.

6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	<ul style="list-style-type: none"> -Planifica e participa en proxectos relacionados coa misión cristiá adaptando proxectos misioneiros a contextos e situacións propias dun Centro educativo. -Proxecta accións con outros compañeiros co fin de animar unha acción colectiva. -Comprométese nas institucións e servizos ao seu nivel desde a perspectiva da misión e responsabilidade dos crentes ante a vida pública.
--	--

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura galega e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> -Coñece e aprecia o rico patrimonio artístico galego de inspiración relixiosa. -Comprende as obras artísticas relixiosas e expresa os seus elementos a través da creatividade, imaxinación e iniciativa. -Crea expresións artísticas desde a propia percepción do relixioso.
--	--

PRIMEIRO TRIMESTRE		Unidades: 1, 2, 3
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque I. O sentido relixioso do home		
Unidade 1: Busco sinais que me falen de Deus - As preguntas sobre os grandes misterios: a orixe do mundo, a razón da propia existencia... - A relixión como resposta ás preguntas do ser humano. - O deseño de Deus sobre o mundo. - O relato bíblico da Creación. - A creación do ser humano, un acto de amor. - Os mitos da creación nas civilizacións antigas.	Unidade 1 1. Recoñecer e valorar que a realidade é don de Deus. 2. Contrastar a orixe da Creación nos diferentes relatos relixiosos acerca da Creación. 3. Diferenciar a explicación teolóxica e científica da Creación. 4. Identificar os mitos da Creación nas civilizacións antigas e relacionalos coa idea do Deus creador.	Unidade 1 I.1.1 Expresa por escrito sucesos imprevistos en que recoñece que a realidade é dada. (CLL, CAA, CSC, CCEC) I.1.2 Avalía, compartindo cos seus compañeiros, sucesos e situacións en que queda de manifesto que a realidade é don de Deus. (CAA, CSC, CSIEE) I.2.1 Relaciona e distingue, explicando coas súas palabras, a orixe da Creación nos relatos míticos da Antigüidade e o relato bíblico. (CLL, CCEC) I.3.1 Coñece e sinala as diferenzas entre a explicación teolóxica e a científica da Creación. (CLL, CMCT, CAA) I.3.2 Respecta a autonomía existente entre as explicacións teolóxica e científica da Creación. (CMCT, CCEC) I.4.1 Entende que existen outras formas de explicar a Creación desenvolvidas por civilizacións antigas e relaciónaas coa idea de Deus creador. (CAA, CCEC)
Bloque II. A Revelación: Deus intervén na historia		
Unidade 2: Deus guía o seu pobo - Cronoloxía dos principais personaxes e acontecementos da historia do pobo de Israel. - Interpretación da historia do pobo de Israel como unha historia de salvación.	Unidade 2 1. Coñecer, contrastar e apreciar os principais acontecementos da historia de Israel. 2. Sinalar e identificar os diferentes modos de comunicación que Deus usou nas	Unidade 2 II.1.1 Coñece, interpreta e constrúe unha liña do tempo cos principais acontecementos e personaxes da historia de Israel. (CMCT, CD, CAA, CCEC) II.1.2 Mostra interese pola historia de Israel e dialoga

<ul style="list-style-type: none"> - A fidelidade de Deus e as infidelidades do seu pobo. - O proxecto de salvación de Deus para toda a humanidade. - A historia de Xosé. - A escravitude en Exipto e a liberación por medio de Moisés. - A Alianza do Sinaí: os dez mandamentos. - Xuíces, reis e profetas. 	<p>distintas etapas da historia de Israel.</p> <p>3. Distinguir e comparar o procedemento co que Deus se manifesta nas distintas etapas da historia de Israel.</p>	<p>con respecto sobre os beneficios desta historia para a humanidade. (CSC, CSIEE, CCEC)</p> <p>II.2.1 Busca relatos bíblicos e selecciona xestos e palabras de Deus en que identifica a manifestación divina. (CLL, CAA)</p> <p>II.3.1 Lembra e explica construtivamente, de modo oral ou por escrito, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel. (CLL, CSC, CSIEE)</p> <p>II.3.2 Recoñece os mandamentos como a Alianza que selou Deus co pobo de Israel tras liberalos da escravitude en Exipto. (CLL, CCEC, CAA)</p> <p>II.3.3. Coñece a función simbólica e profética dos patriarcas na historia de salvación do pobo de Israel. (CLL, CCEC, CAA)</p>
<p>Unidade 3: Deus é a esperanza</p> <ul style="list-style-type: none"> - A oración básica da crenza dun só Deus de xudeus e cristiáns - Os atributos de Deus cando se manifesta ás persoas. - Os salmos. - A oración cristiá: o <i>Noso Pai</i>. 	<p>Unidade 3</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer, contrastar e apreciar os principais acontecementos da historia de Israel. 2. Sinalar e identificar os diferentes modos de comunicación que Deus usou nas distintas etapas da historia de Israel. 3. Distinguir e comparar o procedemento co que Deus se manifesta nas distintas etapas da historia de Israel. 4. Recoñecer a oración principal do cristianismo e estudar a súa relación co Deus do Antigo Testamento. 	<p>Unidade 3</p> <p>II.1.1 Coñece, interpreta e constrúe unha liña do tempo cos principais acontecementos e personaxes da historia de Israel. (CMCT, CD, CAA, CCEC)</p> <p>II.1.2 Mostra interese pola historia de Israel e dialoga con respecto sobre os beneficios desta historia para a humanidade. (CSC, CSIEE, CCEC)</p> <p>II.2.1 Busca relatos bíblicos e selecciona xestos e palabras de Deus en que identifica a manifestación divina. (CLL, CAA)</p> <p>II.3.1 Lembra e explica construtivamente, de modo oral ou por escrito, accións que reflicten o desvelarse de Deus</p>

		para co pobo de Israel. (CLL, CSC, CSIEE) II.4.1 Entende que Xesús utilizou as formas de oración do seu pobo e interpretounas de maneira universal. (CSC, CCEC)
--	--	--

SEGUNDO TRIMESTRE		Unidades: 4, 5
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque III. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación		
Unidade 4: Xesús é un home e é o Fillo de Deus - O inicio da misión de Xesús - Xesús anuncia a chegada do Reino de Deus. - Xesús fala en parábolas. - Trazos da humanidade de Xesús. - Xesús é home: achégase aos pobres e marxinados. - O trato de Xesús cara ás mulleres. - Xesús é o Fillo de Deus: cura os enfermos. - A Última Cea. Institución da Eucaristía. - O mandamento do amor. - A oración de Xesús no horto de Xetsemaní. - Paixón e morte de Xesús. - Morte de Xesús. Sepultura. - A resurrección de Xesús. - Xesús aparécese aos seus discípulos. - O envío universal e a Ascensión de Xesús. - O cumprimento da misión de Xesús. - As aparicións de Xesús desde a perspectiva da fe.	Unidade 4 1. Distinguir en Xesús os trazos da súa natureza divina e humana. 2. Identificar o Reino como núcleo do anuncio de Xesús e como clave para comprender os seus signos. 3. Relacionar a natureza humana e divina de Xesús cos relatos da súa Paixón, morte e resurrección.	Unidade 4 III.1.1 Identifica e clasifica de maneira xustificada as diferenzas entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos. (CLL, CAA) III.1.2 Esfórzase por comprender as manifestacións de ambas as naturezas expresadas nos relatos evanxélicos. (CAA) III.2.1 Extrae das parábolas a mensaxe referida ao Reino de Deus que anuncia e pon en práctica Xesús. (CLL, CSIEE) III.2.2 Esfórzase por comprender a riqueza de significados dos signos ou milagres de Xesús e relaciónaos coa súa vontade de liberar as persoas e de facer presente o Reino. (CLL, CAA) III.3.1 Compara as actitudes de Xesús en diversos momentos da súa Paixón e sabe relacionalas coa súa natureza humana e divina. (CLL,CAA) III.3.2 Entende a transcendencia do compromiso divino que se establece co ser humano por medio da Resurrección. (CCEC)

<p>Unidade 5: Os Evanxeos mostrannos a Xesús</p> <ul style="list-style-type: none"> - Distribución dos libros da Biblia: Antigo e Novo Testamento. - Os xéneros literarios na Biblia. - Os Evanxeos sinópticos. - Características diferenciais de cada un dos catro Evanxeos. - Trazos da humanidade de Xesús. - Actitudes de Xesús coas persoas. - Xesús visto polos seus contemporáneos. - Xesús maniféstase como Fillo de Deus. - Fontes non cristiás que fan da vida e obra de Xesús. - A figura de Xesús na arte. 	<p>Unidade 5</p> <ol style="list-style-type: none"> 4. Identificar as características da Biblia como conxunto de libros. 5. Identificar a natureza e finalidade dos Evanxeos. 6. Coñecer e comprender o proceso de formación dos Evanxeos. 7. Valorar as manifestacións artísticas inspiradas na vida e obra de Xesús. 8. Coñecer miradas históricas sobre a figura de Xesús. 	<p>Unidade 5</p> <p>III.4.1 Recoñece e diferencia os libros que compoñen a Biblia e os estilos literarios empregados na súa redacción. (CLL, CAA)</p> <p>III.5.1 Recoñece, a partir da lectura dos textos evanxélicos, os trazos da persoa de Xesús e deseña o seu perfil. (CLL, CSIEE)</p> <p>III.6.1 Ordena e explica coas súas palabras os pasos do proceso de formación dos Evanxeos. (CLL, CCEC)</p> <p>III.7.1 Relaciona cadros e esculturas con pasaxes da vida de Xesús e valora a súa importancia. (CCEC, CAA)</p> <p>III.8.1 Adquire coñecementos sobre a figura histórica de Xesús, contrastando información de fontes non evanxélicas. (CAA, CCEC)</p>
---	---	---

TERCEIRO TRIMESTRE		Unidades: 6, 7
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque IV. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa		
<p>Unidade 6: Xesús está presente na Igrexa</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Igrexa fai presente a Xesús resucitado. - As presenzas de Xesús: a Palabra de Deus, os sacramentos e a comunidade eclesial. - Os laicos e laicas, os relixiosos e relixiosas, os presbíteros, os diáconos, os bispos e o Papa. - O encargo de Xesús á Igrexa. - Instrumentos para a evangelización. - Os cristiáns son testemuñas do amor de Deus. - «Apóstolos» da dignidade humana. - A liturxia cristiá: signos e símbolos. - Os sete sacramentos. 	<p>Unidade 6</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Comprender a presenza de Xesucristo hoxe na Igrexa. 2. Distinguir a misión de cada grupo eclesial en función do seu carisma. 3. Xustificar o anuncio do Evanxeo como a misión fundamental da Igrexa ao longo da historia e nesta xeración. 4. Coñecer o testemuño de persoas que, ao longo da historia, fixeron presente o amor de Deus coa súa vida. 5. Valorar a liturxia como forma de vivir, expresar e celebrar a fe. 6. Valorar un testemuño de entrega aos demais como consecuencia da fe. 	<p>Unidade 6</p> <p>IV.1.1 Sinala e explica as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa: sacramentos, Palabra de Deus, autoridade e caridade. (CLL, CSC, CCEC)</p> <p>IV.2.1 Describe e diferencia o servizo que prestan os presbíteros, os relixiosos e os laicos na vida da Igrexa. (CLL, CSC)</p> <p>IV.3.1 Explica coas súas palabras en que consiste a evangelización e distingue diferentes formas de levala a cabo. (CLL, CSIEE, CSC)</p> <p>IV.4.1 Coñece o nome de persoas que foron testemuñas de Deus no mundo e sinala algúns trazos da súa vida e a súa obra. (CSC, CCEC, CLL)</p> <p>IV.5.1 Identifica e describe signos e símbolos propios das formas máis habituais da liturxia cristiá. (CLL, CAA, CCEC)</p> <p>IV.6.1 Coñece e comprende a importancia de identificarse cos máis desfavorecidos como parte do carisma da Igrexa. (CSC)</p>

<p>Unidade 7: O Espírito impulsa os cristiáns</p> <ul style="list-style-type: none"> - O Espírito Santo, expresión do amor de Deus. - Os sete dons do Espírito Santo. - Os froitos do Espírito Santo nos cristiáns e cristiás. - Os sete sacramentos. - Sacramentos de iniciación: Bautismo, Confirmación e Eucaristía. - Sacramentos de curación: Reconciliación e Unción dos Enfermos. - Sacramentos de servizo: Orde Sacerdotal e Matrimonio. - Ritos ou xestos que se realizan nos sacramentos. 	<p>Unidade 7</p> <p>7. Recoñecer que a acción do Espírito Santo dá vida á Igrexa.</p> <p>8. Relacionar os sacramentos coa efusión do Espírito Santo sobre os cristiáns.</p> <p>9. Identificar os elementos distintivos de cada un dos sete sacramentos.</p> <p>10. Entender que o Espírito Santo está presente na comunidade eclesial, encarnándose na vida.</p>	<p>Unidade 7</p> <p>IV.7.1 Describe as actitudes dos cristiáns e cristiás como froito da acción do Espírito Santo sobre a Igrexa. (CLL, CSC, CCEC)</p> <p>IV.8.1 Coñece e respecta que os sacramentos son acción do Espírito para construír a Igrexa. (CSC, CCEC)</p> <p>IV.8.2 Asocia a acción do Espírito nos sacramentos coas distintas etapas e momentos da vida. (CSIEE, CCEC)</p> <p>IV.8.3 Toma conciencia e aprecia a acción do Espírito para o crecemento da persoa. (CSIEE)</p> <p>IV.9.1. Clasifica os sacramentos segundo a súa función. (CLL, CAA)</p> <p>IV.9.2. Identifica os signos, símbolos, xestos e palabras que acompañan a celebración de cada sacramento. (CAA, CLL, CCEC)</p> <p>IV.10.1 Identifica a presenza do Espírito Santo nas accións humanas por medio da análise dun testemuño concreto. (CAA, CSC)</p>
--	---	---

C. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

*** OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA NA ESO**

1. Educar a dimensión transcendente e relixiosa, e a el partindo da experiencia humana e «desde» e «para» a vida persoal, social, relixiosa e ambiental.
2. Favorecer a maduración e o desenvolvemento integral da personalidade do alumnado desde unha educación humanista, relixiosa e católica de calidade.
3. Facilitar a elaboración do proxecto persoal de vida desde unha educación en valores e virtudes humanas, morais, cívicas, democráticas, relixiosas e cristiás.
4. Presentar a visión cristiá da persoa e a historia desde a realidade cotiá, desde o respecto e en diálogo coas principais relixións, antropoloxías e cosmovisións de hoxe.
5. Ofrecer a cultura relixiosa e a mensaxe cristiá-católica en diálogo cos testemuños de persoas exemplares e os problemas e interrogantes do mundo actual.
6. Educar a dimensión cívica e moral desde a aplicación de testemuños exemplares, valores, virtudes e compromisos para resolver problemas humanos e sociais.
7. Desenvolver unha ensinanza aprendizaxe da relixión que promova a apertura ao Misterio, ao sentido relixioso da vida, á experiencia relixiosa e á educación na fe.
8. Promover as competencias necesarias para dar un sentido pleno á vida e elaborar respostas de sentido último ante as dificultades máis existenciais e cotiás.
9. Educar na participación social e na práctica de compromisos solidarios que melloren o medio, as relacións interpersoais e a vida pública.
10. Valorar a intelixencia espiritual para fortalecer o mundo interior do alumnado e a súa capacidade de autoconhecimento, aceptación, meditación, relaxación, paz interior...
11. Favorecer o diálogo e a crítica construtiva entre as mensaxes relixiosas e cristiás e a actual cultura audiovisual, especialmente a da televisión e as TIC.
12. Desenvolver a dimensión humanista e cívica do alumnado desde a ética universal dos dereitos humanos e a doutrina social da Igrexa católica.
13. Educar a intelixencia emocional para elixir e fortalecer os mellores sentimentos, e así ser máis feliz cun mesmo, con Deus, cos demais e coa natureza.
14. Coñecer a Relixión e Moral Católica desde as TIC, a investigación, a aprendizaxe cooperativa e a participación en equipos de traballo.
15. Ofrecer unha ensinanza integral da Biblia, promovendo a cultura bíblica e a aplicación das súas ensinanzas para ser máis feliz na vida persoal e social.

*** Obxectivos xerais da área de Relixión Católica para 1.º de Educación Secundaria:**

1. Coñecer dende as relixións da antigüidade ata as relixións actuais
2. Profundizar nos relatos da Creación
2. Comprender e indicar os principais feitos da vida de Xesús de Nazaret, a súa mensaxe de salvación e os seus milagres
3. Coñecer e enumerar as principais características dos Evanxeos
4. Coñecer os Sacramentos. Investigar e describir as características do sacramento do Bautismo, da Eucaristía e da Confirmación
5. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio da reflexión e da interiorización das experiencias
6. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e a vivencia dos sentimentos de relixiosidade, loanza, alegría, resurrección, oración, sacrificio, fortaleza...
7. Coñecer os valores do Cristianismo, as benaventuranzas, os Dez Mandamentos, a humanización, a confianza, a fraternidade, a esperanza, o compartir e a autenticidade

D. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

1º TEMPORALIZACIÓN

- **Bloque I:**
 - * Estándar 1: Outubro
 - * Estándar 2 y 3: Novembro
 - * Estándar 4: Decembro

- **Bloque II:**
 - * Estándar 1: Xaneiro
 - * Estándar 2: Xaneiro
 - * Estándar 3: Febreiro
 - * Estándar 4: Marzo

- **Bloque III:**
 - * Estándar 1: Abril
 - * Estándar 2 y 3: Abril-Maio

- **Bloque IV:**
 - * Estándar 1: Maio
 - * Estándar 2: Xuño

2º GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

BLOQUE I	
1.1 Expresa por escrito sucesos imprevistos en que reconece que a realidade é dada.	(CLL, CAA, CSC, CCEC)
1.2 Avalía, compartindo cos seus compañeiros, sucesos e situacións en que queda de manifesto que a realidade é don de Deus.	(CAA, CSC, CSIEE)
2.1 Argumenta a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus.	(CLL, CSIEE)
3.1 Relaciona e distingue, explicando coas súas palabras, a orixe da Creación nos relatos míticos da Antigüidade e o relato bíblico.	(CLL, CCEC)
4.1 Coñece e sinala as diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da Creación.	(CLL, CMCT, CAA)
4.2 Respecta a autonomía existente entre as explicacións, teolóxica e científica, da Creación.	(CMCT, CCEC)
BLOQUE II	
1.1 Coñece, interpreta e constrúe unha liña do tempo cos principais acontecementos e personaxes da historia de Israel.	(CMCT, CD, CAA, CCEC)

1.2 Mostra interese pola historia de Israel e dialoga con respecto sobre os beneficios desta historia para a humanidade.	(CSC, CSIEE, CCEC)
2.1 Busca relatos bíblicos e selecciona xestos e palabras de Deus en que identifica a manifestación divina.	(CLL, CAA)
2.2 Coñece a función simbólica e profética dos patriarcas na historia de salvación do pobo de Israel.	(CLL, CAA, CCEC)
3.1. Lembra e explica construtivamente, de modo oral ou por escrito, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.	(CLL, CSC, CSIEE)
3.2 Recoñece os mandamentos como a Alianza que selou Deus co pobo de Israel tras libéralos da escravitude en Exipto.	(CLL, CAA, CCEC)
BLOQUE III	
1.1 Identifica e clasifica de maneira xustificada as diferenzas entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos	(CLL, CAA)
1.2 Esfórzase por comprender as manifestacións de ambas as naturezas expresadas nos relatos evanxélicos.	(CAA)
2.1 Recoñece a partir da lectura dos textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús e deseña o seu perfil.	(CLL, CSIEE)
3.1 Ordena e explica coas súas palabras os pasos do proceso formativo dos Evanxeos.	(CLL, CCEC)
BLOQUE IV	
1.1 Sinala e explica as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa: sacramentos, Palavra de Deus, autoridade e caridade.	(CLL, CSC, CCEC)
2.1 Coñece e respecta que os sacramentos son acción do Espírito para construír a Igrexa.	(CSC, CCEC)
2.2 Asocia a acción do Espírito nos sacramentos coas distintas etapas e momentos da vida.	(CSIEE, CCEC)
2.3 Toma conciencia e aprecia a acción do Espírito para o crecemento da persoa.	(CSIEE)

3º PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESCRITOS:

- Tarefas escritas correspondentes ás actividades diarias.
- Traballos cooperativos.

ORAIS:

- Participación en debates.
- Posta en común das cuestións xurdidas
- Exposición dos resultados das tarefas

OBSERVACIÓN DIRECTA E SISTEMÁTICA:

- Actitude cara aos compañeiros e compañeiras nas actividades colaborativas.
- Participación nas actividades do día a día.
- Mostra de interese nas actividades voluntarias e na ampliación de coñecementos

E. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Para alcanzar os obxectivos, as competencias e a aprendizaxe dos contidos, cómpre optar por unha metodoloxía que axude a alcanzar tales metas. A metodoloxía do presente proxecto de Relixión Católica baséase nos Obxectivos Xerais da LOMCE e no Real decreto para a Educación Secundaria Obrigatoria; nas estratexias de metodoloxía didáctica do currículo de Relixión Católica para a Educación Secundaria Obrigatoria (2015), e nas achegas específicas da Pedagogía e Didáctica Relixiosa.

Froito destas opcións, son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñaron cada unha das unidades didácticas e dos elementos que as compoñen: obxectivos, centros de interese, contidos, metodoloxía, actividades de ensinanza aprendizaxe e avaliación.

1. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o proceso psicoevolutivo do alumnado: idade, desenvolvemento psicolóxico, social, moral, familiar e relixioso. Así o explicita o currículo:

«Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais» (Currículo, 2015).

2. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión debe deseñarse e desenvolverse desde a concepción dunha aprendizaxe significativa, por competencias, e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples.

O desenvolvemento do coñecemento sobre a base de aprendizaxes significativas e de calidade, supón que o alumnado relaciona o que aprende cos conceptos que xa posúe e coas experiencias que ten. Así, dálle significado ao material que é obxecto de aprendizaxe e constrúe os seus propios coñecementos. A aprendizaxe significativa implica unha memorización comprensiva do que se aprende, supón unha reflexión crítica por parte do alumnado e comporta unha funcionalidade: o que o alumno e a alumna aprendeu sérvelle para efectuar novas aprendizaxes e enfrontarse a novas situacións. Para que se realice este tipo de aprendizaxe, o profesorado debe partir da preparación dos estudantes e dos seus coñecementos previos, o obxecto de aprendizaxe debe ser coherente e lóxico (o alumnado debe poder atribuírle significado e integralo na súa estrutura cognoscitiva) e, ademais, os estudantes deben estar motivados para realizar a aprendizaxe.

A opción dunha metodoloxía baseada nunha aprendizaxe significativa, por competencias e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples, leva consigo unha ensinanza da Relixión Católica «desde» e «para» a vida persoal, cidadá, social, moral, relixiosa e eclesiástica. «Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes, así como dos seus coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa» (Currículo, 2015).

3. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, e as súas experiencias e centros de interese: as necesidades fisiolóxicas, psicolóxicas, sociais, intelectuais, morais, relixiosas e de sentido á vida do alumnado. Os centros de interese son os intereses «naturais» ou «artificiais» que se utilizan no proceso de ensinanza aprendizaxe. Concrétanse nos feitos de experiencia persoal da vida cotiá (problemas, interrogantes, aspiracións, fracasos,

necesidades, noticias...). Desde eles motívase o estudante, partindo da súa vida, para traballar os contidos e as competencias como respostas ás súas necesidades e experiencias.

«Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental» (Currículo, 2015).

4. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as narracións bíblicas, os relatos sagrados das relixións, as historias da vida diaria e a literatura. Cada unidade inclúe, en relación co bloque e cos contidos, curiosidades, datos estatísticos, noticias da actualidade, feitos cotiáns do alumnado, testemuños de persoas exemplares, contos, historias literarias e historias da Biblia e doutros libros sagrados, etc. Esta opción produce na aula unha gran motivación debido a que utiliza a linguaxe específica da transmisión das relixións, especialmente da relixión cristiá, así como polas vantaxes que lle proporciona ao alumnado:

A) Experiencias de educación no sentido da vida.

B) Promover as bases para o desenvolvemento das principais competencias e capacidades humanas.

C) Desenvolver ensinanzas e experiencias cognitivas, morais e afectivas sobre as principais virtudes e valores cívicos, morais e relixiosos.

D) Desenvolver unha cultura bíblica integral no alumnado.

E) Fortalecer a intelixencia espiritual e a intelixencia emocional desde a realidade persoal de cada alumno e alumna.

5. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde a interdisciplinabilidade polas súas propias características. O estudo do feito relixioso e cristián leva consigo unha relación coas diferentes áreas curriculares. Para desenvolver tal interdisciplinabilidade, diversas actividades están deseñadas para ser realizadas en colaboración con outras áreas curriculares.

6. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o diálogo da fe cristiá coas relixións e coa cultura actual. A clase de Relixión Católica deberá establecer un diálogo coa realidade relixiosa e sociocultural do ámbito, para amosar a influencia mutua entre o feito relixioso xeral e cristián e a cultura occidental. Preténdese valorar, á luz da fe cristiá, os valores, as ideas e os modelos de comportamento da cultura actual; á vez que se reinterpretarán as fórmulas, os ritos, os símbolos e os comportamentos relixiosos á luz dos valores e dos antivalores máis influentes na vida cotiá.

7. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para capacitar o alumnado a ver, xulgar e actuar sobre si mesmo, os demais, a sociedade e o medio. Por iso, diversas actividades están elaboradas de forma que o alumnado practique a metodoloxía específica que utiliza a Igrexa católica ante os problemas sociais e ambientais: ver, xulgar e actuar sobre as persoas, a sociedade e o medio para melloralos.

8. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o protagonismo e a actividade do alumnado. Así, o alumno ou a alumna é o autor da súa propia aprendizaxe e é quen de desenvolver as súas competencias. Deles

xorde a forza interior para desenvolver as súas capacidades, as súas intelixencias múltiples e o poder para realizarse como persoas. A función do profesor ou da profesora é facer de mediador, facilitador, orientador e guía para que o alumnado encontre os instrumentos que lle axuden a aprender a aprender e a descubrir por si mesmo.

9. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde unha pluralidade de metodoloxías e unha diversidade de actividades. Nas unidades e nos materiais complementarios conxugáronse as actividades cooperativas e de socialización coas de individualización. Non é compatible unha metodoloxía pechada ou única baixo os principios derivados da educación personalizada, a aprendizaxe por competencias ou a pedagogía relixiosa. A metodoloxía debe ser aberta, pois cada alumno ou alumna é un mundo e cada un deles pode supoñer unha adaptación específica.

O presente proxecto dálle moita importancia á diversidade e á inclusión de todo o alumnado na aula. Nestas idades fanse notables as súas diferenzas, as cales se van reflectir nas súas diversas capacidades, motivacións, centros de interese, graos de creatividade... Por iso, as actividades serán algunhas veces individuais e outras de parella ou grupais. Como resposta para o tratamento da diversidade, o profesorado deixará liberdade para que cada alumno poida elixir a modalidade de realización da actividade. Por exemplo, se se tratase de resumir un tema, poderase facer por medio dun mapa conceptual, dun resumo ou dunha definición coa súa explicación correspondente. Cada alumno e alumna, segundo as súas calidades e intereses, elixirá a modalidade que máis lle guste.

Entre a diversidade de materiais, técnicas e actividades máis específicas da área de Relixión, están as investigacións; os comentarios de texto; os libros de consulta; as actividades de lectura e comprensión lectora; os estudos monográficos; os traballos de campo: entrevistas, reportaxes, etc.; os xogos didácticos; os vídeos ou outros elementos audiovisuais; as mesas redondas; o uso de programas de ordenador; os coloquios; os debates; os murais ou os carteis...; a expresión corporal; os debuxos; os cómics; os comentarios de prensa; a televisión; a publicidade; a dinámica de grupos; o teatro; as actividades cooperativas; a observación da realidade; a busca de información; o manexo e interpretación da Biblia; a reflexión crítica e a exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas; o cine-fórum; o disco-fórum; a expresión de sentimentos; a práctica de valores; os exercicios de interioridade; as actividades TIC, etc. Entre a diversidade de métodos que se deben utilizar na clase de Relixión están:

- O dialóxico (centrado no diálogo sobre as experiencias de vida e a aprendizaxe dos contidos).
- O indutivo (partir do particular e próximo ao alumnado para, por medio de conceptualizacións cada vez máis complexas, rematar no xeral).
- O dedutivo (partir do xeral para concluír no particular, no ámbito e na experiencia máis próxima do alumnado).
- O indagatorio (por medio da explicación e da aplicación do método científico).
- O activo (por medio da realización o alumnado da maior parte das actividades de clase).
- O explicativo (por medio das estratexias da explicación).
- O mixto (combinar nunha mesma unidade diversos métodos).

Este proceso, os métodos e as actividades deben ir acompañados por unha avaliación integral de todo e todos: unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha avaliación continua ou formativa, e unha avaliación final ou sumativa.

«Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos, aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao

longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao rematar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración adecuada da dedicación, do esforzo e do rendemento de todos os estudantes» (Currículo, 2015).

10. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para a adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico: trátase de capacitar o alumnado en opinión, información, formación e educación relixiosa xeral e católica.

11. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para que o alumnado coñeza e practique as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a linguaxe simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.

12. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para o humanismo: «Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de Relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes instrumentais, cognitivas, actitudinais e socio-afectivas non sexan consideradas un fin en si mesmas, senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano» (Currículo, 2015).

13. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o traballo cooperativo: «Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativa. O estudo e a reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa» (Currículo, 2015).

14. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as TIC: «Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. A ensinanza da Relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e da comunicación, non só dun xeito instrumental, que resulte útil para o estudante na busca de información ou na resolución de problemas considerados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e da identidade persoal que hai que aprender a dominar» (Currículo, 2015)

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

- Recursos web, filmografía e bibliografía, fichas de competencias e fichas para a adaptación curricular.
- Material para traballar a Educación emocional.
- Ordenador.
- Encerado dixital.

G. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

	Critérios xerais
1. Traballo autónomo (na aula e outros espazos)	<ul style="list-style-type: none"> • Realización sen axuda externa. • Estimación do tempo investido para resolver unha actividade. • Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. • Orde e limpeza na presentación. • Uso adecuado de instrumentos e recursos propios da materia. • Emprego de esquemas. • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración do traballo na clase e na casa. • Creatividade.
2. Probas orais e escritas	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. • Valoración do tempo investido e o tempo necesario para resolver unha actividade. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía adecuada. • Tempo de realización. • Destrezas. • Coherencia e adecuación
3. Actividades TIC	<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado e guiado do ordenador e algunha ferramenta telemática. • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou para resolver unha actividade. • Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha). • Grao de elaboración da resposta. • Interese e motivación. • Destrezas. • Capacidade de sintetizar e seleccionar de forma crítica contidos de Internet.
4. Participación e seguimento das clases	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e adecuación das intervencións. • Emprego dunha estrutura clara nas mensaxes. • Uso de vocabulario adecuado. • Comportamento en clase. • Interese e esforzo.
5. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballar de forma colaborativa. • Comunicación adecuada cos compañeiros. • Resolución de conflitos.

	<ul style="list-style-type: none"> • Interese e motivación. • Iniciativa. • Opinión persoal e valoración crítica do traballo en cooperación.
6. Arquivo de traballo individual	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Actualización. • Xustificación dos traballos seleccionados no arquivo.

A nota final de cada avaliación consta de dúas partes: unha primeira parte que constitúe o 60% da asignatura (traballo na clase, actitude, participación, traballo na aula..) e unha segunda parte que constitúe o 40% da asignatura (traballo escrito final en cada avaliación ou proba escrita).

H. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao rematar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación, e cada profesor ou profesora de relixión, deberá completala segundo as súas necesidades de avaliación e mellora:

ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR	O QUE HAI QUE DESTACAR...	O QUE HAI QUE ME-LLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
- Temporalización das unidades didácticas			
- Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
- Manexo dos contidos da unidade			
- Descritores e desempeños competencias			
- Realización de tarefas			
- Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
- Recursos			
- Claridade nos criterios de avaliación			
- Uso de diversas ferramentas de avaliación			
- Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
- Atención á diversidade			
- Interdisciplinabilidade			

I. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Recuperación dunha avaliación

— Cada avaliación recupérase coa avaliación seguinte segundo os mecanismos que establece o profesor/a.

— No caso de que non se superase algunha recuperación, proporase unha proba final escrita sobre contidos da avaliación ou as avaliacións en cuestión.

— Valorarase a presentación dun dossier de traballo con actividades referidas aos contidos mínimos do curso.

Materia pendente do curso anterior

— Entrega trimestral, segundo datas establecidas, de actividades e traballos propostos e guiados polo profesor/a responsable da materia de Relixión Católica.

— Exercicio escrito de contidos mínimos.

J. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A diversidade de actividades de avaliación da área de Relixión Católica elaboráronse en función dos seguintes criterios:

- Ofrecer en cada unidade didáctica unhas actividades de avaliación de calidade, que avalíen a todos e todo: alumnado, profesorado, pais e nais, materiais curriculares, tipos de contidos, o centro educativo e os procesos de ensinanza-aprendizaxe. Será esta unha avaliación continua, formativa, orientadora e personalizadora, que se aplica sucesivamente por medio de actividades de avaliación inicial ou diagnóstica, avaliación formativa e avaliación final ou sumativa, e que capacitará o alumnado para avaliar a aprendizaxe acadada e valorar o seu proxecto persoal de vida.
A diversidade de actividades de avaliación da área de Relixión Católica elaboráronse en función dos seguintes criterios:

- Ofrecer en cada unidade didáctica unhas actividades de avaliación de calidade, que avalíen a todos e todo: alumnado, profesorado, pais e nais, materiais curriculares, tipos de contidos, o centro educativo e os procesos de ensinanza-aprendizaxe. Será esta unha avaliación continua, formativa, orientadora e personalizadora, que se aplica sucesivamente por medio de actividades de avaliación inicial ou diagnóstica, avaliación formativa e avaliación final ou sumativa, e que capacitará o alumnado para avaliar a aprendizaxe acadada e valorar o seu proxecto persoal de vida.
- Realizar unhas actividades de avaliación que sexan educadoras, autoactivas, de autoaprendizaxe e de heteroavaliación e autoavaliación; unha avaliación de calidade que comproba a calidade dos resultados. Unha avaliación que sirva para medir e comparar

os resultados obtidos cos obxectivos propostos, así como para sintetizar «o rigor científico estatístico» da avaliación cuantitativa con «o persoal e imprevisible» da avaliación cualitativa. E todo iso, desde criterios que midan e avalíen o desenvolvemento das competencias, os seus descritores e os estándares de aprendizaxe avaliábeles.

- Utilizar variadas técnicas e instrumentos de avaliación dos diferentes modelos de ensinanza e realizarse estes de forma colexiada.

- Ofrecer actividades en clave de TIC na web do alumnado e na web do profesorado.

K. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión temos que solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa

- Ao número de alumnos e alumnas.
- Ao funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Ás fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- Ás necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- Ás fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Aos desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Aos aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Aos tipos de recursos que se precisan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que hai que adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que hai que adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

L. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Na Educación Secundaria Obrigatoria, elementos como a comprensión lectora, a expresión oral, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional trabállanse en todas as materias. Da mesma maneira, foméntase o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por condicións circunstanciais persoais ou sociais. O ensino transversal tamén inclúe a educación na resolución pacífica de conflitos e en valores que sustenten a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

- Educación ambiental: Toma de conciencia da unidade de toda a Creación para ser máis respectuosos coa contorna.
- Educación para a paz: Interese e respecto polas tradicións culturais afastadas no espazo e no tempo. Rexeitamento da pena de morte e das condenas inxustas, reforzado despois de coñecer as circunstancias da condena á morte de Xesús. Valoración das mostras de solidariedade no noso mundo.
- Educación moral e cívica: Valoración da loita pola liberdade das persoas e os pobos, e valoración da necesidade de dotarse dunhas normas de comportamento.
- Educación para a igualdade de oportunidades: Comprensión das repercusións da mensaxe e a forma de actuar de Xesús, que opta polos pobres, os marxinados, os enfermos...
- Educación para a saúde e a calidade de vida: Adquisición dun concepto integral de saúde, a exemplo de Xesús, que cura a totalidade da persoa e libéraa de todos os seus males e os seus medos.
- Educación para a igualdade de oportunidades: Afirmación dun espírito crítico que rexeite o uso das diferenzas relixiosas para fomentar discriminacións entre as persoas.
- Educación do consumidor: Respecto pola diversidade cultural, ligada ás tradicións relixiosas e cun profundo sentido espiritual, en canto a alimentación, calendarios, celebracións...

M. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO

- Colaboración ca biblioteca e as actividades que se levan a cabo a través dela
- Saída no terceiro trimestre para participar nun día de convivencia con rapaces e rapazas doutros centros da provincia de Ourense

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e os materiais didácticos	Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento da clase.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	Adecúase o desenvolvemento da clase ás características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.		
	Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
	A metodoloxía inclúe o traballo de competencias e intelixencias múltiples.		
Regularización da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.		
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se dá aos alumnos e ás familias	Os estándares de aprendizaxe avaliábel atópanse vinculados ás competencias, contidos e criterios de avaliación.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: - Aos alumnos. - Ás familias.		
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplicanse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos.		

PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

3º ESO

RELIXIÓN CATÓLICA

CURSO 19-20

Xefa de departamento e Profesora:
Rebeca Álvarez Domínguez

ÍNDICE:

A.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	51
B.	CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	51
C.	CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.....	58
D.	CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	60
E.	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....	61
F.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.....	65
G.	CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	65
H.	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	66
I.	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	67
J.	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	68
K.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	68
L.	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.....	69
M.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO.....	70
N.	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	70

A. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A área de Relixión e Moral Católica fundaméntase nas esixencias que leva consigo desenvolver, na escola, a educación integral e a aplicación duns dereitos expresados na Declaración universal de dereitos humanos (1948, artigo 26.3); na Constitución española (1978, artigo 27.3); no Pacto internacional de dereitos humanos, económicos, sociais e culturais (1966, artigo 13.3); na Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea (2000, artigo 10 e 14.3), etc. Ademais, está garantida polo acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensinanza e asuntos culturais (3-1-1979).

A práctica destes dereitos leva consigo unha ensinanza relixiosa escolar e confesional. Esta ensinanza concrétase na área de Relixión e Moral Católica, unha materia específica e rigorosamente escolar, ordinaria para os que a soliciten, equiparable ao resto das materias no rigor científico, na formulación dos seus obxectivos e contidos, e na súa significación educativa dentro do currículo. Así mesmo, contribúe á formación integral do alumnado e ao pleno desenvolvemento da persoa en todas as súas capacidades.

A área de Relixión Católica é unha materia opcional curricular de carácter confesional. A súa identidade resúmese nas súas «Finalidades Educativas» ou «Obxectivos Xerais». Estes deben ser a meta e a directriz no seu deseño e o seu desenvolvemento curricular (realización da programación xeral de curso, de cada unidade didáctica, etc.). As seguintes «Finalidades educativas da Educación Secundaria», sinalan as metas finais a que deben conducir todo curso e unidade didáctica de Relixión Católica.

O IES de Allariz atópase na vila que leva o mesmo nome: Allariz, ubicada na metade occidental da provincia de Ourense. Os centros adscritos ao instituto son o CEIP Padre Feijoo (Allariz) e o CEIP de Xunqueira de Ambía.

O instituto oferta a ESO e Bacharelato.

B. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

A área de Relixión Católica contribúe ao desenvolvemento das competencias desde as súas finalidades educativas, obxectivos, contidos e actividades de aprendizaxe e avaliación. Especialmente, trabállanse as competencias desde a intelixencia espiritual, a intelixencia emocional e a educación en valores, así como as seguintes propostas do currículo de Relixión Católica (2015).

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

1. Comunicación lingüística (CCL).

Este currículo de Relixión Católica válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, das imaxes e símbolos, da linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística (tanto na expresión oral como na escrita) que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Ademais o ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica e das linguaxes que conforman a cultura. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno en relación cos estándares de aprendizaxe.

1ª) Comunicación lingüística (CCL)	<ul style="list-style-type: none">-Expresa oralmente e por escrito sentimentos e emocións na linguaxe da relixión.-Interpreta e comprende diversos textos relixiosos cada un desde o seu xénero literario ou natureza específica.-Organiza o coñecemento da realidade relixiosa en esquemas conceptuais.
------------------------------------	--

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática ó axudar a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, contabilice expresións de cifras e use estatísticas para a descrición e a análise da realidade social.

2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	<ul style="list-style-type: none">-Clasifica os obxectos, feitos e ideas da relixión en conxuntos coherentes.-Aplica o razoamento dedutivo ás crenzas relixiosas, condutas e consecuencias e emprega o razoamento indutivo partindo da observación da realidade para formular principios relixiosos.-Aplica o razoamento lóxico na formulación das preguntas e respostas sobre a relixión.
---	--

3. Competencia dixital (CD)

O ensino relixioso integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de estudantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións.

3ª) Competencia dixital (CD)	<ul style="list-style-type: none"> -Utiliza os medios TIC para a comunicación da información e do coñecemento relixioso. -Intercambia información e ideas relixiosas mediante a Rede. -Aplica criterios para a selección da información relixiosa e utiliza os instrumentos axeitados para rexistrala.
------------------------------	---

4. Aprender a aprender (CAA)

O ensino da relixión contribúe fomentando a atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Fai aos alumnos protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

4ª) Aprender a aprender (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> -Investiga de xeito persoal no ámbito da relixión suscitando e formulando preguntas. -Transforma a información relixiosa en coñecemento propio. -Aplica coñecementos relixiosos a diferentes situacións e contextos. -Atopa e usa canles para canalizar as capacidades persoais tanto na comunidade crente como no feito relixioso na sociedade.
-------------------------------	---

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

A relixión católica favorece o desenvolvemento de virtudes cívicas para o ben común da sociedade. Educa a dimensión moral e social da persoa, favorecendo a corresponsabilidade, a solidariedade, a liberdade, a xustiza e a caridade.

5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> -Valora e respecta o principio democrático de liberdade relixiosa e de conciencia. -Aplica os principios da ética relixiosa á resolución de conflitos. -Mostra un diálogo interrelixioso e ecuménico como medio de encontro entre culturas, integración das persoas, enriquecemento mutuo e construción da paz mundial. -Aprecia e respecta o principio democrático de laicidade.
--	--

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta á devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida, á cultura e á identidade da persoa humana.

6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	<ul style="list-style-type: none">-Planifica e participa en proxectos relacionados coa misión cristiá adaptando proxectos misioneiros a contextos e situacións propias dun Centro educativo.-Proxecta accións con outros compañeiros co fin de animar unha acción colectiva.-Comprométese nas institucións e servizos ao seu nivel desde a perspectiva da misión e responsabilidade dos crentes ante a vida pública.
--	--

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura galega e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)	<ul style="list-style-type: none">-Coñece e aprecia o rico patrimonio artístico galego de inspiración relixiosa.-Comprende as obras artísticas relixiosas e expresa os seus elementos a través da creatividade, imaxinación e iniciativa.-Crea expresións artísticas desde a propia percepción do relixioso.
--	--

PRIMEIRO TRIMESTRE		Unidades: 1, 2 e 3
Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque I: O sentido relixioso do home		
Unidade 1: Facémonos preguntas <ul style="list-style-type: none"> - O desexo de felicidade. - A necesidade de sentirse amado ou amada. - O ser humano busca a Deus. - Formas de sufrimento no mundo. Diferentes respostas fronte ao sufrimento. Unidade 2: As relixións ofrecen respostas <ul style="list-style-type: none"> - O hinduísmo: o <i>karma</i> e a reencarnación. - O budismo: a superación do sufrimento e o nirvana. - O islam: a submisión a Alá e a crenza na predestinación. - As ciencias ocultas: tarot, adiviñación e astroloxía. - As seitas: características comúns. - A actitude de Xesús fronte ao sufrimento. - A resposta de Xesús fronte ao pecado: o perdón e a misericordia. - A vitoria de Xesús sobre a morte: a resurrección e a vida eterna. 	Unidade 1 <ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer o desexo de plenitude que ten a persoa. 2. Comparar razoadamente distintas respostas fronte á finitude do ser humano. 3. Identificar situacións e persoas que deron unha resposta positiva fronte ao sufrimento humano. Unidade 2 <ol style="list-style-type: none"> 5. Comparar razoadamente as respostas que dan as grandes relixións ás principais interrogantes do ser humano. 6. Analizar criticamente as propostas das ciencias ocultas, o esoterismo e as seitas para responder aos grandes problemas que se presentan na vida. 7. Identificar os trazos que distinguen a proposta cristiá como unha proposta de esperanza na plenitude final. 8. Identificar os trazos comúns entre o cristianismo e o islam. 	Unidade 1 <ol style="list-style-type: none"> I.1.1 Expressa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude. (CCL, CSC) I.2.1 Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos. (CAA, CSC, CSIEE) I.2.2 Selecciona escenas de películas ou documentais que amosan a procura de sentido. (CD, CSIEE, CCEC) I.3.1 Explica, coas súas propias palabras, testemuños de persoas que superaron dificultades apoiadas na fe. (CCL, CSIEE) Unidade 2 <ol style="list-style-type: none"> I.5.1 Manifesta opinións razoadas sobre as respostas das grandes relixións ao problema da morte e o máis alá. (CCL, CSC, CCEC) I.6.1 Explica razoadamente os perigos que supoñen as ciencias ocultas, o esoterismo e as seitas para o equilibrio da persoa humana. (CSC) I.7.1 Explica, con feitos concretos, a actitude de Xesús fronte ao sufrimento e a morte. (CAA, CCL, CCEC) I.7.2 Recoñece a resurrección de Xesús como a porta de acceso á vida eterna. (CAA, CCEC) I.8.1 Enumera actitudes e feitos concretos que favorecen o diálogo interrelixioso. (CAA, CSC, CCEC)

Bloque II: A Revelación: Deus intervén na historia		
<p>Unidade 3: As persoas son libres de colaborar con Deus</p> <ul style="list-style-type: none"> - O relato da Xénese. - As consecuencias do pecado. - En que consiste a ruptura con Deus. En que consiste a ruptura cos demais. - A vocación é unha chamada de Deus. - A resposta á chamada de Deus. 	<p>Unidade 3</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Descubrir que o pecado reside no rexeitamento á intervención de Deus na propia vida. 2. Distinguir a verdade revelada da roupaxe literaria no relato da Xénese. 3. Descubrir e recoñecer a propia vocación como resposta á chamada de Deus. 4. Valorar as consecuencias do pecado nas relacións cos demais. 	<p>Unidade 3</p> <p>II.1.1 Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus. (CCL, CAA, CSC)</p> <p>II.2.1 Analiza o texto sacro diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual. (CCL, CAA, CSIEE, CCEC)</p> <p>II.3.1 Explica de forma razoada por que Deus chama a todas as persoas a colaborar con El na construción dun mundo máis humano. (CCL, CSC, CCEC)</p> <p>II. 4.1 Relaciona o relato de Caín e Abel coas actitudes en contra dos atentados á vida humana. (CCL, CAA, CSC)</p>

SEGUNDO TRIMESTRE		Unidades: 4 e 5
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque III: Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación		
Bloque IV: Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa		
<p>Unidade 4: O encontro con Xesús transforma</p> <ul style="list-style-type: none"> -Xesús sale ao encontro das persoas. - Quen é Zaqueo. - Quen é Nicodemo. - Quen é María Madalena. - Quen é Paulo de Tarso. 	<p>Unidade 4</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer e apreciar que o encontro con Cristo cambia a forma de comprender o mundo, a historia, a realidade, as persoas etc. 2. Comprender que a pertenza a Cristo leva unha nova forma de comportarse na vida. 3. Analizar e interpretar pinturas de carácter relixioso. 4. Recoñecer que a veneración das imaxes relixiosas axuda a descubrir a persoa 	<p>Unidade 4</p> <p>III.1.1 Busca e selecciona biografías de conversos. (CCL, CD)</p> <p>III.1.2 Expresa xuízos respetuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas. (CCL, CSC, CCEC)</p> <p>III.2.1 Crea e comparte textos, videoclips e curtas, para describir as consecuencias que na</p>

<p>Unidade 5: A Igrexa é un lugar de encontro</p> <ul style="list-style-type: none"> - Experiencias que facilitan o encontro con Xesús. - Actitudes que axudan e actitudes que entorpecen o encontro persoal. - A Igrexa como espazo de encontro e como comunidade de fe. - A Eucaristía, lugar privilexiado de encontro con Xesús. - A Palabra de Deus fálanos de Xesús. - A oración, forma persoal de atoparse con Xesús. - A vida da comunidade facilita a acollida. - María e os santos, exemplos de vida cristiá. As devocións populares. 	<p>que representan.</p> <p>Unidade 5</p> <p>5. Tomar conciencia do vínculo indisoluble entre o encontro con Cristo e a pertenza á Igrexa.</p> <p>6. Valorar criticamente a experiencia de plenitude que promete Cristo.</p> <p>7. Recoñecer os subsidios e recursos que a Igrexa ofrece para facilitar o encontro con Cristo.</p> <p>8. Valorar a importancia dos mosteiros e dos grandes teólogos cristiáns para facilitar o encontro con Cristo a través da oración.</p>	<p>vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo. (CCL, CAA, CD, CSIEE)</p> <p>III.3.1 Distingue nunha pintura os contidos que se axustan aos relatos bíblicos das interpretacións libres dos artistas. (CAA, CCEC)</p> <p>III.4.1 Distingue o valor simbólico das imaxes do culto á persoa que representan. (CAA, CCEC)</p> <p>Unidade 5</p> <p>III.5.1 Busca, selecciona e presenta, de forma xustificada, a experiencia dunha persoa que atopou a Cristo na Igrexa. (CCL, CAA, CSIEE)</p> <p>III.6.1 escoita testemuños de cristiáns e debate con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa. (CCL, CSC)</p> <p>III.7.1 Identifica e describe perfectamente os elementos básicos da liturxia cristiá: oración, sacramentos, vida de comunidade etc. (CAA, CCL, CCEC)</p> <p>III.8.1 Explica o sentido da oración cristiá e valora as achegas dos mosteiros e dos grandes teólogos. (CCL, CCEC)</p>
---	---	---

TERCEIRO TRIMESTRE		Unidades: 6 e 7
Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque IV: Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa		
<p>Unidade 6: Os cristiáns comprométense</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os grandes retos da sociedade actual. - A resposta cristiá aos retos da sociedade. - Trazos do compromiso cristián. - Iniciativas de evanxelización. 	<p>Unidade 6</p> <p>1. Comprender que a pertenza a Cristo leva unha nova forma de comportarse na vida.</p> <p>2. Recoñecer os trazos do compromiso evanxélico para a consecución dun mundo máis humano.</p>	<p>Unidade 6</p> <p>IV.1.1 Describe a resposta dos cristiáns aos grandes retos da sociedade actual e pon exemplos concretos. (CCL, CAA, CSIEE, CSC)</p> <p>IV.2.1 Describe accións concretas da Igrexa que permiten difundir a mensaxe evanxélica</p>

<p>- A pobreza e a pobreza evanxélica.</p> <p>- Xesús achégase aos pobres.</p> <p>- Os cristiáns seguen o modelo de Xesús.</p> <p>- Quen é o Padre Anxo.</p> <p>- Mensaxeiros da Paz: estrutura e proxectos que levan a cabo.</p> <p>Unidade 7: A fe impregna a nosa cultura</p> <p>- A proposta de valores cristiáns.</p> <p>- O labor social da Igrexa: educativa, cultural e asistencial.</p> <p>- A arte sacra ao longo dos séculos: estilos e tendencias.</p> <p>- Manifestacións artísticas de carácter relixioso: arquitectura, escultura, pintura e música.</p> <p>- Novas formas de anunciar a mensaxe de Xesús.</p>	<p>3. Identificar a opción preferente de Xesús polos pobres e recoñecela no traballo dos cristiáns.</p> <p>4. Valorar as accións da Igrexa en favor dos máis pobres ao longo da historia.</p> <p>Unidade 7</p> <p>5. Relacionar os valores sociais actuais cos valores cristiáns e recoñecer a influencia destes.</p> <p>6. Identificar na cultura a riqueza e a beleza que xera a fe.</p> <p>7. Recoñecer a presenza cristiá en diferentes manifestacións da cultura actual.</p> <p>8. Obter información relevante a partir da análise de textos de carácter relixioso.</p>	<p>e poñela en práctica. (CCL, CAA, CCEC)</p> <p>IV.3.1 Explica accións concretas dos cristiáns nas que se aprecia a opción preferente polos pobres. (CCL, CSC, CSIEE)</p> <p>IV.4.1 Identifica personaxes e actividades en favor dos pobres que tiveron o seu sitio no seo da Igrexa ao longo da historia. (CCL, CSC)</p> <p>Unidade 7</p> <p>IV.5.1 Enumera valores sociais actuais e relaciónaos de modo inequívoco con valores cristiáns. (CAA, CCL, CSC)</p> <p>IV.6.1 Demostra, mediante exemplos previamente seleccionados, que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia. (CCL, CAA, CCEC)</p> <p>IV.7.1 Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, no pensamento, nos costumes, na saúde, na educación etc. e atopa a súa presenza nos medios actuais. (CCL, CSC, CCEC)</p> <p>IV.8.1 Descubre e explicita con claridade a mensaxe evanxélica contida nun texto de carácter relixioso. (CCL, CAA, CSC, CSIEE)</p>
--	---	--

C. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

* OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA NA ESO

1. Educar a dimensión transcendente e relixiosa, e a el partindo da experiencia humana e «desde» e «para» a vida persoal, social, relixiosa e ambiental.
2. Favorecer a maduración e o desenvolvemento integral da personalidade do alumnado desde unha educación humanista, relixiosa e católica de calidade.

3. Facilitar a elaboración do proxecto persoal de vida desde unha educación en valores e virtudes humanas, morais, cívicas, democráticas, relixiosas e cristiás.
4. Presentar a visión cristiá da persoa e a historia desde a realidade cotiá, desde o respecto e en diálogo coas principais relixións, antropoloxías e cosmovisións de hoxe.
5. Ofrecer a cultura relixiosa e a mensaxe cristiá-católica en diálogo cos testemuños de persoas exemplares e os problemas e interrogantes do mundo actual.
6. Educar a dimensión cívica e moral desde a aplicación de testemuños exemplares, valores, virtudes e compromisos para resolver problemas humanos e sociais.
7. Desenvolver unha ensinanza aprendizaxe da relixión que promova a apertura ao Misterio, ao sentido relixioso da vida, á experiencia relixiosa e á educación na fe.
8. Promover as competencias necesarias para dar un sentido pleno á vida e elaborar respostas de sentido último ante as dificultades máis existenciais e cotiás.
9. Educar na participación social e na práctica de compromisos solidarios que melloren o medio, as relacións interpersoais e a vida pública.
10. Valorar a intelixencia espiritual para fortalecer o mundo interior do alumnado e a súa capacidade de autocoñecemento, aceptación, meditación, relaxación, paz interior...
11. Favorecer o diálogo e a crítica construtiva entre as mensaxes relixiosas e cristiás e a actual cultura audiovisual, especialmente a da televisión e as TIC.
12. Desenvolver a dimensión humanista e cívica do alumnado desde a ética universal dos dereitos humanos e a doutrina social da Igrexa católica.
13. Educar a intelixencia emocional para elixir e fortalecer os mellores sentimentos, e así ser máis feliz cun mesmo, con Deus, cos demais e coa natureza.
14. Coñecer a Relixión e Moral Católica desde as TIC, a investigación, a aprendizaxe cooperativa e a participación en equipos de traballo.
15. Ofrecer unha ensinanza integral da Biblia, promovendo a cultura bíblica e a aplicación das súas ensinanzas para ser máis feliz na vida persoal e social.

* Obxectivos xerais da área de Relixión Católica para 3º de Educación Secundaria:

1. Coñecer dende as relixións da antigüidade ata as relixións actuais
2. Profundizar nos relatos da Creación
3. Comprender e indicar os principais feitos da vida de Xesús de Nazaret, a súa mensaxe de salvación e os seus milagres
4. Coñecer e enumerar as principais características dos Evanxeos
5. Coñecer os Sacramentos. Investigar e describir as características do sacramento do Bautismo, da Eucaristía e da Confirmación
6. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio da reflexión e da interiorización das experiencias
7. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e a vivencia dos sentimentos de relixiosidade, loanza, alegría, resurrección, oración, sacrificio, fortaleza...
8. Coñecer os valores do Cristianismo, as benaventuranzas, os Dez Mandamentos, a humanización, a confianza, a fraternidade, a esperanza, o compartir e a autenticidade

D. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVA-LIABLE

1º TEMPORALIZACIÓN

- Bloque I:

Outubro - Decembro

- Bloque II e III:

Xaneiro- Abril

- Bloque IV:

Maio-Xuño

2º GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

BLOQUE I	
Expresa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.	CCL, CSC
Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos.	CAA, CSC, CSIEE
Selecciona escenas de películas ou documentais que amosan a procura de sentido.	CD, CSIEE, CCEC
BLOQUE II	
Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus.	CCL, CAA, CSC
Analiza o texto sacro diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual.	CCL, CAA, CSIEE, CCEC
BLOQUE III	
Busca e selecciona biografías de conversos.	CCL, CD
Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas.	CCL, CSC, CCEC
Crea e comparte textos, videoclips e curtas, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo.	CCL, CD, CAA, CSIEE
BLOQUE IV	
Busca, selecciona e presenta, xustificándoa, a experiencia dunha persoa que atopou a Cristo na Igrexa.	CCL, CAA, CSIEE
Escoita testemuños de cristiáns e debate con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa.	CCL, CSC, CCEC
Demuestra, mediante exemplos previamente seleccionados, que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia e atopa a súa presenza nos medios actuais.	CCL, CAA, CCEC
Defende, de forma razoada, a influencia da fe na arte, no pensamento, nos costumes, na saúde, na educación etc.	CCL, CSC, CCEC

3º PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESCRITOS:

- Tarefas escritas correspondentes ás actividades diarias.
- Traballos cooperativos.

ORAIS:

- Participación en debates.
- Posta en común das cuestións xurdidas
- Exposición dos resultados das tarefas

OBSERVACIÓN DIRECTA E SISTEMÁTICA:

- Actitude cara aos compañeiros e compañeiras nas actividades colaborativas.
- Participación nas actividades do día a día.
- Mostra de interese nas actividades voluntarias e na ampliación de coñecementos

E. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Para alcanzar os obxectivos, as competencias e a aprendizaxe dos contidos, cómpre optar por unha metodoloxía que axude a alcanzar tales metas. A metodoloxía do presente proxecto de Relixión Católica baséase nos Obxectivos Xerais da LOMCE e no Real decreto para a Educación Secundaria Obrigatoria; nas estratexias de metodoloxía didáctica do currículo de Relixión Católica para a Educación Secundaria Obrigatoria (2015), e nas achegas específicas da Pedagogía e Didáctica Relixiosa.

Froito destas opcións, son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñaron cada unha das unidades didácticas e dos elementos que as compoñen: obxectivos, centros de interese, contidos, metodoloxía, actividades de ensinanza aprendizaxe e avaliación.

1. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o proceso psicoevolutivo do alumnado: idade, desenvolvemento psicolóxico, social, moral, familiar e relixioso. Así o explicita o currículo:

«Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais» (Currículo, 2015).

2. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión debe deseñarse e desenvolverse desde a concepción dunha aprendizaxe significativa, por competencias, e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples.

O desenvolvemento do coñecemento sobre a base de aprendizaxes significativas e de calidade, supón que o alumnado relaciona o que aprende cos conceptos que xa posúe e coas experiencias que ten. Así, dálle significado ao material que é obxecto de aprendizaxe e constrúe os seus propios coñecementos. A aprendizaxe significativa implica unha memorización comprensiva do que se aprende, supón unha reflexión crítica por parte do alumnado e comporta unha funcionalidade: o que o alumno e a alumna aprendeu sérvelle para efectuar novas aprendizaxes e enfrontarse a novas situacións. Para que se realice este tipo de aprendizaxe, o profesorado debe partir da preparación dos estudantes e dos seus coñecementos previos, o obxecto de aprendizaxe debe ser coherente e lóxico (o

alumnado debe poder atribuírle significado e integralo na súa estrutura cognoscitiva) e, ademais, os estudantes deben estar motivados para realizar a aprendizaxe.

A opción dunha metodoloxía baseada nunha aprendizaxe significativa, por competencias e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples, leva consigo unha ensinanza da Relixión Católica «desde» e «para» a vida persoal, cidadá, social, moral, relixiosa e eclesiástica. «Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes, así como dos seus coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa» (Currículo, 2015).

3. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, e as súas experiencias e centros de interese: as necesidades fisiolóxicas, psicolóxicas, sociais, intelectuais, morais, relixiosas e de sentido á vida do alumnado. Os centros de interese son os intereses «naturais» ou «artificiais» que se utilizan no proceso de ensinanza aprendizaxe. Concrétanse nos feitos de experiencia persoal da vida cotiá (problemas, interrogantes, aspiracións, fracasos, necesidades, noticias...). Desde eles motívase o estudante, partindo da súa vida, para traballar os contidos e as competencias como respostas ás súas necesidades e experiencias.

«Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental» (Currículo, 2015).

4. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as narracións bíblicas, os relatos sagrados das relixións, as historias da vida diaria e a literatura. Cada unidade inclúe, en relación co bloque e cos contidos, curiosidades, datos estatísticos, noticias da actualidade, feitos cotiáns do alumnado, testemuños de persoas exemplares, contos, historias literarias e historias da Biblia e doutros libros sagrados, etc. Esta opción produce na aula unha gran motivación debido a que utiliza a linguaxe específica da transmisión das relixións, especialmente da relixión cristiá, así como polas vantaxes que lle proporciona ao alumnado:

A) Experiencias de educación no sentido da vida.

B) Promover as bases para o desenvolvemento das principais competencias e capacidades humanas.

C) Desenvolver ensinanzas e experiencias cognitivas, morais e afectivas sobre as principais virtudes e valores cívicos, morais e relixiosos.

D) Desenvolver unha cultura bíblica integral no alumnado.

E) Fortalecer a intelixencia espiritual e a intelixencia emocional desde a realidade persoal de cada alumno e alumna.

5. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde a interdisciplinabilidade polas súas propias características. O estudo do feito relixioso e cristián leva consigo unha relación coas diferentes áreas curriculares. Para desenvolver tal interdisciplinabilidade, diversas actividades están deseñadas para ser realizadas en colaboración con outras áreas curriculares.

6. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o diálogo da fe cristiá coas relixións e coa cultura actual. A clase de Relixión Católica deberá establecer un diálogo coa realidade relixiosa e sociocultural do ámbito,

para amosar a influencia mutua entre o feito relixioso xeral e cristián e a cultura occidental. Preténdese valorar, á luz da fe cristiá, os valores, as ideas e os modelos de comportamento da cultura actual; á vez que se reinterpretarán as fórmulas, os ritos, os símbolos e os comportamentos relixiosos á luz dos valores e dos antivalores máis influentes na vida cotiá.

7. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para capacitar o alumnado a ver, xulgar e actuar sobre si mesmo, os demais, a sociedade e o medio. Por iso, diversas actividades están elaboradas de forma que o alumnado practique a metodoloxía específica que utiliza a Igrexa católica ante os problemas sociais e ambientais: ver, xulgar e actuar sobre as persoas, a sociedade e o medio para melloralos.

8. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o protagonismo e a actividade do alumnado. Así, o alumno ou a alumna é o autor da súa propia aprendizaxe e é quen de desenvolver as súas competencias. Deles xorde a forza interior para desenvolver as súas capacidades, as súas intelixencias múltiples e o poder para realizarse como persoas. A función do profesor ou da profesora é facer de mediador, facilitador, orientador e guía para que o alumnado encontre os instrumentos que lle axuden a aprender a aprender e a descubrir por si mesmo.

9. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde unha pluralidade de metodoloxías e unha diversidade de actividades. Nas unidades e nos materiais complementarios conxugáronse as actividades cooperativas e de socialización coas de individualización. Non é compatible unha metodoloxía pechada ou única baixo os principios derivados da educación personalizada, a aprendizaxe por competencias ou a pedagogía relixiosa. A metodoloxía debe ser aberta, pois cada alumno ou alumna é un mundo e cada un deles pode supoñer unha adaptación específica.

O presente proxecto dálle moita importancia á diversidade e á inclusión de todo o alumnado na aula. Nestas idades fanse notables as súas diferenzas, as cales se van reflectir nas súas diversas capacidades, motivacións, centros de interese, graos de creatividade... Por iso, as actividades serán algunhas veces individuais e outras de parella ou grupais. Como resposta para o tratamento da diversidade, o profesorado deixará liberdade para que cada alumno poida elixir a modalidade de realización da actividade. Por exemplo, se se tratase de resumir un tema, poderase facer por medio dun mapa conceptual, dun resumo ou dunha definición coa súa explicación correspondente. Cada alumno e alumna, segundo as súas calidades e intereses, elixirá a modalidade que máis lle guste.

Entre a diversidade de materiais, técnicas e actividades máis específicas da área de Relixión, están as investigacións; os comentarios de texto; os libros de consulta; as actividades de lectura e comprensión lectora; os estudos monográficos; os traballos de campo: entrevistas, reportaxes, etc.; os xogos didácticos; os vídeos ou outros elementos audiovisuais; as mesas redondas; o uso de programas de ordenador; os coloquios; os debates; os murais ou os carteis...; a expresión corporal; os debuxos; os cómics; os comentarios de prensa; a televisión; a publicidade; a dinámica de grupos; o teatro; as actividades cooperativas; a observación da realidade; a busca de información; o manexo e interpretación da Biblia; a reflexión crítica e a exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas; o cine-fórum; o disco-fórum; a expresión de sentimentos; a práctica de valores; os exercicios de interioridade; as actividades TIC, etc.

Entre a diversidade de métodos que se deben utilizar na clase de Relixión están:

- O dialóxico (centrado no diálogo sobre as experiencias de vida e a aprendizaxe dos contidos).

- O indutivo (partir do particular e próximo ao alumnado para, por medio de conceptualizacións cada vez máis complexas, rematar no xeral).
- O dedutivo (partir do xeral para concluír no particular, no ámbito e na experiencia máis próxima do alumnado).
- O indagatorio (por medio da explicación e da aplicación do método científico).
- O activo (por medio da realización o alumnado da maior parte das actividades de clase).
- O explicativo (por medio das estratexias da explicación).
- O mixto (combinar nunha mesma unidade diversos métodos).

Este proceso, os métodos e as actividades deben ir acompañados por unha avaliación integral de todo e todos: unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha avaliación continua ou formativa, e unha avaliación final ou sumativa.

«Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos, aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao rematar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración adecuada da dedicación, do esforzo e do rendemento de todos os estudantes» (Currículo, 2015).

10. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para a adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico: trátase de capacitar o alumnado en opinión, información, formación e educación relixiosa xeral e católica.

11. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para que o alumnado coñeza e practique as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a linguaxe simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.

12. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para o humanismo: «Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de Relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes instrumentais, cognitivas, actitudinais e socio-afectivas non sexan consideradas un fin en si mesmas, senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano» (Currículo, 2015).

13. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o traballo cooperativo: «Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativa. O estudo e a reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa» (Currículo, 2015).

14. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as TIC: «Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. A ensinanza da Relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e da comunicación, non só dun xeito instrumental, que resulte útil para o estudante na busca de información ou na resolución de problemas considerados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e da identidade persoal que hai que aprender a dominar» (Currículo, 2015)NCIAS PA

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

